

REGULAMENTO DOS CURSOS DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Aprobado polo Consello de Goberno na sesión do 31 de maio de 2017

Os artigos 2.g) e 34 da vixente Lei orgánica de universidades recoñecen a autonomía das universidades para a expedición de títulos e diplomas propios. A Lei do sistema universitario de Galicia recoñece tamén esta actividade de extensión universitaria ao establecer no seu artigo 18 que tanto as facultades e escolas como, de ser o caso, os centros específicos que se crearen, poden impartir ensinanzas conducentes á obtención de títulos propios.

De por parte, o artigo 49 dos Estatutos da Universidade da Coruña establece que «a Universidade da Coruña, alén de impartir ensinanzas conducentes á obtención de títulos oficiais, poderá establecer outras para a obtención de diferentes títulos propios, ben como programas de especialización profesional e de formación permanente».

Na actualidade, o Regulamento de estudos propios de posgrao (aprobado polo Consello de Goberno o 25 de outubro de 2006 e revisado en 2010) ordena os mestrados (cunha carga mínima de 60 créditos), os cursos de especialización (cun mínimo de 25 créditos ECTS) e os cursos de formación específica de posgrao (cun mínimo de 6 créditos ECTS). Porén, á marxe destas figuras específicas, a iniciativa e vitalidade da comunidade universitaria está a provocar unha ampla e variada oferta de cursos, seminarios, ciclos de conferencias e xornadas carentes de regulación ningunha.

TÍTULO I. CONCEPTO

Artigo 1. Concepto de curso de extensión universitaria

Para os efectos deste regulamento terá a consideración de curso de extensión universitaria calquera actividade non regrada organizada pola UDC e conducente á obtención dun diploma ou certificado propio, sexa cal for a súa denominación, distinta dos mestrados, cursos de especialización e cursos de formación específica de posgrado regulados no Regulamento de estudos propios de posgrao da UDC.

Non terán a consideración de cursos de extensión universitaria as actividades organizadas pola Vicerreitoría de Política Científica, Innovación e Transferencia, o Centro de Linguas, o Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa, a Oficina de Relacións Internacionais, a Aula de Formación Informática e, en xeral, todas aquelas que contén cunha regulación específica.

TITULO II. PROCEDEMENTO

Artigo 2. Iniciativa

Poderán promover a realización de cursos de extensión universitaria os centros, departamentos, institutos, grupos de investigación e, en xeral, calquera integrante da comunidade universitaria sempre que, neste último caso, a solicitude vaia asinada por un número non inferior a tres integrantes do PDI ou do PAS da UDC e se xustifique a vinculación académica ou de servizo co tema da actividade proposta.

Artigo 3. Solicitude

Salvo que concorran causas xustificadas que o impidiren, a solicitude para realizar cursos de extensión universitaria deberá dirixirse á Oficina de Cursos e Congresos cunha antecedencia mínima de dous meses, que contan desde a data prevista para o inicio da actividade.

A solicitude deberá conter unha descrición precisa da actividade, o cadro de profesorado, o alumnado previsto, un proxecto de orzamento, a previsión de uso de infraestruturas universitarias e unha xustificación do seu interese científico, formativo ou cultural.

Artigo 4. Informes

A solicitude deberá contar co informe favorable do departamento ou centro a que estea adscrita a persoa ou órgano solicitante. Este parecer deberá constatar que os contidos do curso proxectado complementan e non se sobrepoñen con ningunha actividade de ensino regrado ou título propio impartido e será acorde coa visión e a misión da UDC.

O uso das instalacións e infraestruturas da UDC deberá contar, en todo caso, coa autorización expresa da dirección do centro correspondente.

Artigo 5. Resolución

No prazo máximo dun mes, a Vicerreitoría de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria formulará unha proposta razoada sobre as solicitudes presentadas.

A aprobación da realización de cursos de extensión universitaria correspóndelle á Comisión Permanente de Participación e Extensión Universitaria. Dos cursos autorizados darase conta ao Consello de Goberno na sesión ordinaria inmediatamente posterior.

Artigo 6. Cambios

Calquera alteración ou cambio dos cursos de extensión universitaria aprobados deberalle ser comunicado á Vicerreitoría de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria. Cando, ao seu xuízo, o cambio teña carácter substancial, deberá someterse á aprobación do Consello de Goberno.

O incumprimento deste deber de comunicación suporá a revogación da autorización inicialmente concedida.

En calquera caso, os cursos de extensión universitaria de carácter gratuíto e duración inferior a 10 horas lectivas poderán ser autorizados polo Consello de Departamento ou pola Xunta de Facultade, logo de informar a Vicerreitoría de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria antes do inicio do curso.

TÍTULO III. XESTIÓN

Artigo 7. Participación de persoal da UDC

A dirección dos cursos de extensión universitaria será desempeñada por persoal docente e investigador ou, excepcionalmente, por persoal de administración e servizos, da UDC. O persoal da UDC non poderá dirixir máis de dous cursos de extensión universitaria por curso académico

A autorización dos cursos de extensión universitaria por parte do Consello de Goberno implicará a concesión automática para o profesorado e persoal de administración e servizos da UDC da compatibilidade a que se refire o RD 1930/1984 e os Estatutos da UDC, tanto para as actividades docentes ou administrativas como para a percepción das retribucións que por iso lles corresponderen, segundo a normativa vixente.

Artigo 8. Financiamento

A Vicerreitoría de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria só financiará os cursos e actividades a que se refire este regulamento por medio das súas convocatorias públicas.

Artigo 9. Difusión

A elaboración da cartelaría e demais elementos publicitarios corresponderalle á dirección do curso, que a deberá remitir á Oficina de Cursos e Congresos. A UDC difundirá a oferta de cursos de extensión universitaria a través das súas páxinas web institucionais e dos seus perfís institucionais nas redes sociais. Só os cursos de extensión universitaria autorizados poderán utilizar o nome, logo e imaxe institucional da UDC, ficando expresamente prohibido o seu uso en calquera actividade de extensión universitaria non autorizada.

A publicidade de todo tipo que se emita, no ámbito de Galicia, en relación cos cursos de extensión universitaria realizarase en galego.

Artigo 10. Xestión académica

A xestión académica dos cursos de extensión universitaria corresponderalle en todo caso á Oficina de Cursos e Congresos.

A matrícula deberase realizar electronicamente a través da web da UDC ou, de ser o caso, da Fundación Universidade da Coruña (FUAC), até o día hábil anterior ao comezo do curso. En todo caso, o orzamento da actividade será xestionado polo Servizo de Xestión Económica ou pola FUAC, segundo corresponder, sen prexuízo do control que, no ámbito das súas competencias, poida realizar a Vicerreitoría de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria.

Artigo 11. Xestión económica

A xestión económica dos cursos de extensión universitaria corresponderalle, en todo caso, á Oficina de Cursos e Congresos ou á Fundación Universidade da Coruña (FUAC).

Artigo 12. Orzamento

Os cursos de extensión universitaria deberanse axustar ao orzamento aprobado polo Consello de Goberno e, en todo caso, aos ingresos dispoñibles. Se estes fosen inferiores ou superiores aos previstos e logo de llo solicitar á Vicerreitoría de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria, o orzamento poderase modificarse co fin de reducir ou incrementar, segundo proceda, as retribucións previstas.

Artigo 13. Retención

A UDC reterá un 15 % dos ingresos dos cursos de extensión universitaria en concepto de gastos xerais e custos indirectos. Cando a xestión económica se realizar a través da FUAC, a porcentaxe anterior partillarase entre a UDC (8 %) e a FUAC (7 %).

Artigo 14. Expedición de diplomas e certificados

Unha vez concluído o curso e realizadas, de ser o caso, as probas correspondentes, a Oficina de Cursos e Congresos tramitaralles a expedición dos diplomas e certificados ao alumnado, ao profesorado e ao director ou directora do curso.

Artigo 15. Anulación e devolución de taxas

Se tres días antes do inicio non se acadase o 25 % do alumnado previsto, a dirección do curso, logo da autorización da Vicerreitoría de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria poderá anular a realización do curso coa devolución automática das taxas satisfeitas.

Artigo 16. Memoria e xustificación económica

Tras rematar o curso, as persoas ou órganos promotores deberanlle remitir á Oficina de Cursos e Congresos da UDC unha memoria explicativa das actividades desenvolvidas que comprenda, polo menos, un resumo do curso, o programa e a relación final de relatores e relatoras, o peche do orzamento coa relación de ingresos e gastos, a publicidade realizada, o impacto mediático e calquera outro elemento que se xulgar de interese.

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

Única

Fica expresamente prohibida a utilización de listaxes, páxinas web ou perfís institucionais da UDC ben como o uso do nome, o logo e a imaxe institucional da UDC na difusión de calquera actividade de extensión universitaria distinta dos mestrados, cursos de especialización e cursos de formación específica de posgrado aprobados de conformidade co disposto no Regulamento de estudos propios de posgraao da UDC ou dos autorizados segundo o disposto neste regulamento, salvo aquelas organizadas pola Vicerreitoría de Política Científica, Innovación e Transferencia, o Centro de Linguas, o Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa, a Oficina de Relacións Internacionais, a Aula de Formación Informática ou que, en xeral, contén cunha regulación específica

DISPOSICIÓNS FINAIS

Única

Este regulamento entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Taboleiro Electrónico da UDC.